

## “O fracaso dun matrimonio. Intensos diálogos”

Recensión da novela *A traizón*, de Amalie Skram

Estro Montaña no Faro da Cultura

*Faro de Vigo*, 27 de xuño de 2024

Hugin e Munin vén de publicar *A traizón* de Amalie Skram, traducida pola sueca con pasaporte español e exprofesora da Universidade de Vigo Marta Dahlgren e por Alejandro Tobar. Trátase dunha novela na que hai elementos que comparte a autora (Bergen, 1846) con Ory, a protagonista feminina, xa que ambas casaron novas cun capitán de barco bastante máis vello ca elas. E coinciden as dúas en viviren un matrimonio complicado no que as infidelidades ocupan un lugar central. Adolphe Riber e Ory casan cunhas esperanzas moi distintas nesa unión e, a medida que transcorre o tempo, as discusións medran ata acadaren momentos de gran virulencia. O lector asiste a reunións sociais e á vida nun barco no que se producen escenas de gran tensión, nas que agroma unha violencia dialéctica importante e nas que non faltan comportamentos agresivos sorprendentes. Os admiradores de Alberto Moravia atoparán aquí un fracaso semellante ao que se produce entre a Emilia e mais o Ricardo de *O desprezo*. *A traizón* é unha novela áxil, con diálogos intensos e situacións inesperadas, que representa o distinto rol que no sistema do século XIX nunha cidade situada no corazón dos fiordes desempeñaban as clases sociais e os sexos. Os reproches, a incompreensión, a desconfianza lembran a aquel grande axitador escénico que foi o Ibsen de *Casa de bonecas*. Obra pesimista, marcada por un naturalismo rupturista, describe a vida a bordo dun mercante noruegués con detalle e coñecemento. A tradución ao galego deste relato é a primeira que se fai a unha lingua peninsular, o que nos permite coñecer unha autora de escaso éxito no seu tempo, pero considerada hoxe no país de orixe un referente do feminismo e da renovación literaria no final do século XIX.